

**UNIDADE 1:**

**A INICIATIVA EMPREENDEDORA**

**EXERCÍCIOS**

1.- Xoán traballa de electricista nunha fábrica de automóviles dende fai 5 anos. O outro día, falando cun compañeiro de traballo, coméntalle: “Sabes? Voume establecer pola miña conta, estou farto do xefe e das quendas de traballo nesta empresa, e ademais así poderei elixir as miñas vacacións para cando eu queira.”

a) Que motivos ten Xoán para crear unha empresa? Segundo o que vimos na teoría, ten motivación?

b) Crees que tería éxito como emprendedor? (contesta a partires da información que che aporta o enunciado)

2.- María está pensando en abrir unha xestoría para pequenas empresas onde levarlles as nóminas, os seguros sociais, impostos, contabilidade, etc. Está traballando nunha empresa no departamento de recursos humanos, pero a política da empresa non lle agrada porque non ten autonomía para tomar decisións e as que recibe do seu xefe veas coma incoherentes. Ademais, ela vese a si mesma dirixindo a xestoría, tratando cos clientes, levándolles a documentación, o que lle fai unha ilusión enorme, polo que si hai que sacrificarse durante unha tempada farao, pois cre que está capacitada para sacalo adiante.

a) Que motivos ten María para crear unha empresa? Ten motivación?

b) Crees que tería éxito como emprendedora? (contesta a partires da información que che aporta o enunciado)

3.- Inma e Elena traballan xuntas de mestras nunha escola infantil dende fai varios anos. Inma é moi inqueda e pregúntalle a Elena que lle parece se montan unha escola infantil entre as dúas, pois ela ten uns cartos aforrados que podería invertir, xa saben como funciona unha escola, saben as xestións necesarias pois as dúas foron xefas de estudos e tramitaron toda a documentación, e coñecen profesoras que poderían sumarse ó proxecto e coas que manteñen moi boa relación. Elena contéstalle que non está interesada. Ela prefire ter o seu soldo fixo no colexio e non quere arriscarse, ademais o don de xentes non é o seu e xa rematou cansa coma xefa de estudos. Analiza se Inma e Elena reúnen os requisitos para ser empresarias.

4.- Tomás e Alexandre son dous amigos que sempre están de broma acerca de a quen lle vai mellor na súa empresa. Tomás é propietario dunha ferretería onde ten contratados a un encargado e a tres traballadores que fan toda a xestión e o traballo. Alexandre é o xerente dunha pequena empresa de pinturas de 30 traballadores. Alexandre dille sempre a Tomás que o verdadeiro empresario é el, que está ó pe do canón xestionando a empresa, pero Tomás replícalle que non, que el é o dono e é o verdadeiro empresario. Analiza quen dos dous crees que ten a razón dende as teorías do empresario.

5.- Indica para as seguintes persoas en que teoría do empresario poderían situarse:

a) Ana, que observou que as tendas outlet de roupa teñen éxito e decidiu abrir unha no centro da súa vila

b) Francisco, o seu avó foi o panadeiro que abastecía a toda a comarca, negocio que herdou o seu pai e que el seguirá o día de mañá

c) O creador da serie CSI As Vegas, que agora ve como tódalas cadeas teñen series

sobre policía científica moi parecidas a súa

d) Ernesto, é propietario de tres granxas de polos pero pola súa idade xa non as xestiona, senón que contratou a un xerente

e) O xerente da empresa anterior, que na súa tarxeta de visita indica “empresario”

6.- Nun concurso de xove emprendedor chegaron ata a final dous equipos, un de tres mozos e outro de tres mozas. A proba final consiste en que saiban buscar novas formas de ser innovador nun negocio pero sen necesidade de inventar un produto novo. Os dous negocios que lles propoñen son: unha tenda de repostos de automóbiles e unha salón de peiteado. As preguntas guía son as seguintes:

a) Podedes vender o voso produto nun novo mercado ou a novos clientes que ata o de agora non se lle tiña vendido antes?

b) Podedes atopar unha nova fonte de aprovisionamento de materias primas, mais baratas ou de mellor calidade?

c) Podedes ofrecer o servizo de xeito distinto con algunha innovación que sexa aceptada polos clientes?

d) Pódese organizar a empresa e os traballadores dalgún xeito que sexa innovador e mais eficaz que antes?

Organizade grupos de tres e elixide un dos negocios. Propoñer innovacións posibles. Logo comentádeos na clase e elixide as mais viables.

7.- É habitual que nas ceas dos sábados dun grupo de amigos sempre saia alguén con algunha idea dun proxecto innovador e os demais lle sigan e vaian engadindo funcións( e poderíamos tamén facer...!). O día seguinte tamén é habitual que non se retome o tema, e moito menos o luns, día de traballo. Estabamos ante un grupo de emprendedores? Por que?

8.- Indica para os seguintes emprendedores cal foi a súa fonte de ideas de negocio:

a) Xesús, é deseñador de moda e acode a tódolos desfiles a observar tendencias de mercado, especialmente se son doutros países.

b) Carla, deuse de conta que non hai unha soa papelería en toda a vila e que todo o mundo ten que coller o coche para ir a 5km.

## **REPASO: TIPO TEST**

### **1.- O traballador por conta propia distínguese do de conta allea en que:**

- a) Limitábase a cumprir co seu traballo
- b) Asume o risco económico
- c) Depende dun xefe
- d) Nunca se leva o traballo a casa

### **2.- A diferenza entre os motivos e a motivación para crear unha empresa é que:**

- a) Os motivos son sempre externos e a motivación é interna
- b) Os motivos son as razóns que temos para creala e a motivación é a idea de negocio que nos empurra a abri-la
- c) Os motivos son as razóns que temos para creala e a motivación a ilusión interna que sentimos por creala e que nos fai loitar e non desfalecer non malos momentos
- d) Os motivos son a dinamita e a motivación a chispa para comen-zar o proxecto

### **3.- Entre os requisitos para ser empresario atópanse as habilidades que fan referencia:**

- a) Á habilidade manual para traballar nese negocio
- b) A coñecer o negocio, a ter coñecementos de xestión e a ter habilidades persoais e sociais
- c) A coñecer o negocio e a ser un emprendedor

### **4.- Respecto ó requisito de ter capital para montar unha empresa é certo que:**

- a) Co aportar o 10% é suficiente, os bancos financian o resto
- b) A empresa debe dispor sempre do 100% do capital
- c) A empresa debe aportar a lo menos o 50%, pois os bancos non financian se o empresario non asume riscos

### **5.- Segundo a teoría do empresario innovador:**

- a) Os verdadeiros empresarios son os innovadores, posto que realizan inventos nos laboratorios
- b) Os verdadeiros empresarios son os innovadores, posto que levan ó mercado un novo produto ou ofréceno de xeito distinto, o que lles da unha vantaxe respecto ós demais
- c) Os verdadeiros empresarios son os imitadores dos innovadores, pois xa teñen o comiño andado e sacan un maior beneficio

### **6.- A teoría da incubadora é aquela que pensa que o empresario é:**

- a) Aquel que ve unha oportunidade de negocio no mercado
- b) Aquel que aprendeu o rol de empresario na empresa familiar ou noutra empresa

c) Aquel que busca un emprego onde permanecer un tempo

### **7.- O que caracteriza a un emprendedor é:**

a) A capacidade de crear novas empresas con beneficio económico

b) A capacidade de converter en proxectos reais as ideas, xerando algún beneficio para o emprendedor como para a contorna

c) Sempre é un empresario, pois son dous termos case idénticos

### **8.- O emprendedor corporativo:**

a) Traballa dentro dunha organización, pero ten tal autonomía que pode propoñer proxectos novos e levalos á práctica coma se foran propios

b) Exemplos son os xestores dunha ONG e os altos cargos da Administración

c) Ámbalas dúas son certas

### **9.- Na idea de negocio o verdadeiramente importante é:**

a) A actividade á que se vaia a dedicar o emprendedor e a quen se vai a vender

b) A proposta de valor do porqué se vai a vender o seu produto

c) Os obxectivos ó longo prazo que se propoña

### **10.- As fontes de ideas de negocio que proveñen da observación do contorno económico son:**

a) A experiencia profesional e as afeccións persoais

b) A observación dunha carencia no mercado, estudar as novas tendencias e ofrecer un novo produto ó mercado

c) Estudar as novas tendencias, estudar novos mercados e ofrecer un mesmo produto pero de xeito distinto

d) Estudar as novas tendencias, estudar novos mercados e observar unha carencia no mercado

e) Ofrecer un novo produto ou ben ofrecelo dun xeito diferente, cambiando algunha característica, dándolle un novo uso ou vendéndoo a outros clientes